

**INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS
EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES
EMPRESARIAIS E TITULACIÓNS**

Curso académico 2020/2021



Consello Social
Universidade de Vigo

ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| 1. PRESENTACIÓN. OBXECTIVOS..... | 3 |
| 2. DATOS XERAIS DE ALUMNADO E SECTORES DE ACTIVIDADE..... | 5 |
| 3. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADO POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS | 13 |
| 4. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO E TIPO DE EMPRESA | 15 |
| 5. HISTÓRICO DOS ÚLTIMOS 10 CURSOS ACADÉMICOS | 16 |
| PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS..... | 21 |
| ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE..... | 23 |

1. PRESENTACIÓN. OBXECTIVOS

O Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo veñen colaborando nos últimos dez anos na elaboración de estudos e informes de interese para a comunidade universitaria. Ambas entidades comparten o obxectivo de achegar a Universidade de Vigo á súa contorna social e económica e, entre outros, teñen como fins específicos: a realización de actuacións que favorezan a empregabilidade do alumnado, impulsar vía de colaboración con entidades e empresas, e a análise de distintos aspectos que podan apoiar a formación universitaria e o desenvolvemento local.

Entre os traballos realizados no marco desta colaboración destaca o estudo e análise das prácticas académicas externas extracurriculares do alumnado da Universidade de Vigo. As prácticas externas son unha ferramenta decisiva na formación integral do alumnado, permiten que se acheguen á realidade profesional e facilitan a súa relación cos distintos sectores socio-económicos aumentando a súa empregabilidade.

Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Desde o curso académico 2011/2012 elabórase un informe de prácticas académicas extracurriculares por sectores de actividade. Estes informes tratan e sistematizan a información dispoñible na Fundación Universidade de Vigo como entidade xestora das prácticas académicas extracurriculares.

| | |
|-------------------------------|---|
| OBXECTIVOS DO INFORME | <ul style="list-style-type: none"> ✓ Identificar os ámbitos de formación que acadan un maior nivel de prácticas ✓ Dispoñer de datos comparativos desde unha perspectiva temporal ✓ Apoiar o valor estratéxico da UVigo como motor de desenvolvemento social e económico ✓ Apoiar posibles actuacións que favorezan a empregabilidade dos titulados universitarios |
| PRINCIPAIS INDICADORES | <ul style="list-style-type: none"> • Nº de prácticas realizadas extracurriculares • Número de empresas/entidades colaboradoras • Nº de prácticas realizadas por ámbito de coñecemento do alumnado • Sectores económicos/sociais das empresas/entidades nas que se realizan as prácticas • Tipo de empresas e entidades • Relación entre sectores económicos e ámbito de coñecemento do alumnado na realización de prácticas • Ratio: nº estudantes / empresa • Nº de prácticas por sectores e sexo • Evolución das prácticas extracurriculares nos últimos 10 cursos académicos <p style="text-align: center;">PERÍODO ANALIZADO: CURSO ACADÉMICO 2020/2021</p> |

Efectos da Covid-19 na realización de prácticas

Ao igual que o curso académico anterior, a realización de prácticas viuse afectada polas restricións derivadas da situación epidemiolóxica. Desde o inicio da pandemia en marzo de 2020 foron moitos os sectores económicos que viron limitada a súa actividade, cando non comprometida a súa viabilidade como nos sectores turístico, cultural ou hostaleiro.


En todo caso no curso 2020-2021 obsérvase unha recuperación na realización de prácticas extracurriculares, reflexo igualmente da recuperación paulatina da actividade económica e social.

2. DATOS XERAIS DE ALUMNADO E SECTORES DE ACTIVIDADE

2.1 NÚMERO DE ESTUDANTES E EMPRESAS

| CURSO 2020-2021 | |
|--|-----|
| Nº PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (EXTRACURRICULARES) | 824 |
| Nº EMPRESAS | 541 |

RATIO PRÁCTICAS/EMPRESA: 1,52



Durante o curso académico 2020/2021 realizáronse 824 prácticas académicas externas extracurriculares, nun total de 542 empresas e entidades, o que supón unha ratio de 1,52 prácticas por empresa.


NOTA: os datos recollidos neste informe fan referencia ao nº de prácticas externas extracurriculares realizadas polo alumnado da Universidade de Vigo. O nº de prácticas realizadas non coincide co nº de estudantes que as realizan posto que un estudante pode realizar máis dunha práctica.

2.2. NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDIO E SEXO

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social; Tecnolóxico; Científico; Ciencias da saúde; e Arte e Humanidades.

Durante o curso académico 2020/2021, as prácticas académicas externas distribúense por ámbito de estudos do seguinte xeito:

| ÁMBITO DE ESTUDOS | Nº PRÁCTICAS TOTAIS | HOMES | MULLERES |
|--------------------|---------------------|------------|------------|
| Xurídico-Social | 354 | 131 | 223 |
| Ciencias da Saúde | 45 | 24 | 21 |
| Tecnolóxico | 280 | 199 | 81 |
| Científico | 116 | 41 | 75 |
| Arte e Humanidades | 29 | 12 | 17 |
| TOTAL | 824 | 407 | 417 |



Obsérvase que os ámbitos con maior número de prácticas son o Xurídico Social e o Tecnolóxico. Por sexo, o nº de prácticas realizadas por mulleres é maior en todos os ámbitos agás no tecnolóxico e en ciencias da saúde.

RELACIÓN ENTRE A MATRÍCULA E O NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDOS E SEXO

No curso académico 2020/2021 a porcentaxe de estudantes matriculados/as por ámbito e sexo é a seguinte:

| ÁMBITO DE ESTUDOS | % HOMES EN PRÁCTICAS | % HOMES MATRICULADOS | % MULLERES EN PRÁCTICAS | % MULLERES MATRICULADAS |
|--------------------|----------------------|----------------------|-------------------------|-------------------------|
| Xurídico-Social | 37,01 | 38,36 | 62,99 | 61,64 |
| Ciencias da Saúde | 53,33 | 22,81 | 46,67 | 77,19 |
| Tecnolóxico | 71,07 | 76,55 | 28,93 | 23,45 |
| Científico | 35,34 | 44,55 | 64,66 | 55,45 |
| Arte e Humanidades | 41,38 | 28,21 | 58,62 | 71,79 |

Derivado do cadro anterior obsérvase o seguinte:

- A porcentaxe de mulleres matriculadas é superior en todos os ámbitos, agás no ámbito tecnolóxico.
- Dita porcentaxe é moi maioritaria nos ámbitos de Ciencias da Saúde e Arte e Humanidades.
- Respecto á correlación entre a porcentaxe de prácticas por sexo en relación á porcentaxe de matrícula: nos ámbitos Científico, Tecnolóxico e é maior o peso das mulleres en prácticas que o que correspondería pola % de matrícula que representan; no ámbito Xurídico-Social é practicamente equilibrado; e no ámbito de Ciencias da Saúde é moi superior a porcentaxe de homes en prácticas en relación a porcentaxe de matrícula, se ben, o número de prácticas extracurriculares neste ámbito é moi reducida polo que dita porcentaxes non son concluíntes.

2.3 Nº DE EMPRESAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

As prácticas realizáronse no curso académico 2020/2021 en 541 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

| CNAE | Nº Prácticas | % | Empresas | % |
|--|--------------|---------|------------|---------|
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 16 | 1,94% | 15 | 2,77% |
| Industrias extractivas | 1 | 0,12% | 2 | 0,37% |
| Industria manufactureira | 123 | 14,93% | 78 | 14,42% |
| Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 3 | 0,36% | 3 | 0,55% |
| Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos | 2 | 0,24% | 2 | 0,37% |
| Construción | 26 | 3,16% | 23 | 4,25% |
| Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor | 31 | 3,76% | 27 | 4,99% |
| Transporte e almacenamento | 16 | 1,94% | 12 | 2,22% |
| Hostalería | 10 | 1,21% | 8 | 1,48% |
| Información e comunicacións | 99 | 12,01% | 56 | 10,35% |
| Actividades financeiras e de seguros | 10 | 1,21% | 9 | 1,66% |
| Actividades inmobiliarias | 3 | 0,36% | 3 | 0,55% |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 251 | 30,46% | 155 | 28,65% |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 32 | 3,88% | 27 | 4,99% |
| Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 52 | 6,31% | 27 | 4,99% |
| Educación | 23 | 2,79% | 13 | 2,40% |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 48 | 5,83% | 36 | 6,65% |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 18 | 2,18% | 15 | 2,77% |
| Outros servizos | 56 | 6,80% | 28 | 5,18% |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | 4 | 0,49% | 2 | 0,37% |
| Total | 824 | 100,00% | 541 | 100,00% |

O 57,40% das prácticas extracurriculares realízanse en empresas que pertencen a 3 sectores de actividade: *Actividades profesionais, científicas e técnicas*; *Industria manufactureira*; e *Información e comunicacións*.

O sector con maior porcentaxe é o de *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que abarca unha ampla variedade de actividades empresariais recollidas no apartado do CNAE, entre outros: actividades xurídicas e de contabilidade, actividades de consultaría de xestión empresarial, relacións públicas, publicidade e comunicación, servizos técnicos de arquitectura ou enxeñaría, ensaios e análises clínicos, investigación e desenvolvemento, tradución e interpretación e actividades veterinarias.

O sector de *Industria manufactureira* inclúe diversas actividades de fabricación coma alimentación, téxtil, mobles, vehículos, equipos informáticos e metalurxia, entre outras.

O sector de *Información e comunicacións* abarca actividades de edición; actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión; telecomunicacións; programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática e servizos de información.

2.4 NÚMERO DE ESTUDANTES POR ÁMBITO DE ESTUDIO E POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social, Tecnolóxico, Científico, Ciencias da saúde e Arte e Humanidades.

ÁMBITO DE ESTUDOS XURÍDICO-SOCIAL:

Trátase do ámbito de coñecemento que contou con máis estudantes en prácticas durante o curso 2020/2021, realizando prácticas en 4 sectores principalmente: Actividades profesionais, científicas e técnicas seguido polo sector de Actividades administrativas e servizos auxiliares; Comercio ao por maior e ao por menor e Industria manufactureira.

| XURÍDICO-SOCIAL | EMPRESAS | ESTUDANTES |
|--|------------|------------|
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 95 | 127 |
| Información e comunicacións | 24 | 31 |
| Industria manufactureira | 24 | 30 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 24 | 30 |
| Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 17 | 24 |
| Outros servizos | 12 | 18 |
| Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor | 16 | 16 |
| Construción | 12 | 13 |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 12 | 12 |
| Transporte e almacenamento | 7 | 11 |
| Actividades financeiras e de seguros | 9 | 10 |
| Educación | 7 | 9 |
| Hostalería | 6 | 7 |
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 4 | 4 |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 4 | 4 |
| Actividades inmobiliarias | 3 | 3 |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | 1 | 3 |
| Industrias extractivas | 1 | 1 |
| Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos | 1 | 1 |
| TOTAL | 279 | 354 |

ÁMBITO DE ESTUDOS TECNOLÓXICO:

Tras o xurídico-social, o ámbito tecnolóxico é o que tivo máis estudantes en prácticas durante o curso 2020-2021, 280 estudantes, que realizaron prácticas en tres sectores de actividade principalmente: *Actividades profesionais, científicas e técnicas; Industria manufactureira e Información e comunicacións.*

| TECNOLÓXICO | EMPRESAS | ESTUDANTES |
|--|------------|------------|
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 41 | 84 |
| Industria manufactureira | 37 | 69 |
| Información e comunicacións | 32 | 66 |
| Construción | 12 | 13 |
| Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor | 8 | 9 |
| Educación | 2 | 9 |
| Outros servizos | 6 | 8 |
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 6 | 7 |
| Transporte e almacenamento | 5 | 5 |
| Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 3 | 3 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 2 | 2 |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 2 | 2 |
| Industrias extractivas | 1 | 1 |
| Hostalería | 1 | 1 |
| Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 1 | 1 |
| TOTAL | 159 | 280 |

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENTÍFICO:

As prácticas realízanse principalmente nos sectores de e *Actividades profesionais, científicas e técnicas e en outros servizos* como poden ser actividades asociativas ou servizos persoais.

| CIENTÍFICO | EMPRESAS | ESTUDANTES |
|--|-----------|------------|
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 19 | 31 |
| Outros servizos | 5 | 24 |
| Industria manufactureira | 22 | 22 |
| Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 7 | 16 |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 5 | 8 |
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 5 | 5 |
| Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor | 5 | 5 |
| Educación | 2 | 3 |
| Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos | 1 | 1 |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | 1 | 1 |
| TOTAL | 72 | 116 |

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENCIAS DA SAÚDE:

Neste ámbito o alumnado realiza prácticas curriculares e incluídas polo tanto no plan de estudos, polo que normalmente é reducido o número de prácticas extracurriculares realizadas.

Os sectores de actividades que ofrecen maior número de prácticas extracurriculares son principalmente *Actividades sanitarias e servizos sociais; Administración pública e defensa e Seguridade Social obrigatoria*.

| CIENCIAS DA SAÚDE | EMPRESAS | ESTUDANTES |
|---|-----------|------------|
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 26 | 34 |
| Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 2 | 5 |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 1 | 3 |
| Hostalería | 1 | 2 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 1 | 1 |
| TOTAL | 31 | 45 |

ÁMBITO DE ESTUDOS ARTE E HUMANIDADES:

O sector de Actividades profesionais, científicas e técnicas e Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria e Outros Servizos ofrecen o maior número de estudantes en prácticas neste ámbito.

| ARTES E HUMANIDADES | EMPRESAS | ESTUDANTES |
|---|-----------|------------|
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 7 | 8 |
| Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 4 | 6 |
| Outros servizos | 4 | 6 |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 3 | 3 |
| Industria manufactureira | 2 | 2 |
| Información e comunicacións | 2 | 2 |
| Educación | 2 | 2 |
| TOTAL | 24 | 29 |

2.5 Nº EMPRESAS CLASIFICADAS POR CNAE E ÁMBITO DE ESTUDO DOS ESTUDANTES QUE REALIZARON PRÁCTICAS

| CNAE | XURÍDICO-SOCIAL | TECNOLÓXICO | CIENTÍFICO | CIENCIAS DA SAÚDE | ARTES E HUMANIDADES | TOTAL |
|--|-----------------|-------------|------------|-------------------|---------------------|------------|
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 95 | 41 | 19 | 1 | 7 | 163 |
| Industria manufactureira | 24 | 37 | 22 | | 2 | 85 |
| Información e comunicacións | 24 | 32 | | | 2 | 58 |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 4 | 2 | 5 | 26 | | 37 |
| Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 17 | 1 | 7 | 2 | 4 | 31 |
| Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor | 16 | 8 | 5 | | | 29 |
| Outros servizos | 12 | 6 | 5 | | 4 | 27 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 24 | 2 | | | | 26 |
| Construción | 12 | 12 | | | | 24 |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 12 | | | 1 | 3 | 16 |
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 4 | 6 | 5 | | | 15 |
| Educación | 7 | 2 | 2 | | 2 | 13 |
| Transporte e almacenamento | 7 | 5 | | | | 12 |
| Actividades financeiras e de seguros | 9 | | | | | 9 |
| Hostalería | 6 | 1 | | 1 | | 8 |
| Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | | 3 | | | | 3 |
| Actividades inmobiliarias | 3 | | | | | 3 |
| Industrias extractivas | 1 | 1 | | | | 2 |
| Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos | 1 | | 1 | | | 2 |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | 1 | | 1 | | | 2 |
| TOTAL | 279 | 159 | 72 | 31 | 24 | 565 |

* Hai empresas que acollen estudantes en prácticas de distintos ámbitos, de aí que este número sexa maior que o número de empresas totais diferentes.

Tendo en conta o CNAE das empresas clasificadas polo ámbito de estudos podemos observar que os estudos mais demandados son os do ámbito xurídico social, como son o grao en administración e dirección de empresas ou o grao en economía. Este tipo de estudos son mais demandados en departamentos administrativos de empresas cuxo CNAE é *Actividades profesionais, científicas e técnicas*.

3. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADO POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS. (Histórico)

3.1 PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS

| Nº PRÁCTICAS | Curso 2015-2016 | | Curso 2016-2017 | | Curso 2017-2018 | | Curso 2018-2019 | | Curso 2019-2020 | | Curso 2020-2021 | |
|------------------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|
| | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES |
| Xurídico-Social | 34,68 | 65,32 | 36,18 | 63,82 | 33,21 | 66,79 | 35,10 | 64,90 | 41,87 | 58,13 | 37,01 | 62,99 |
| Tecnolóxico | 68,67 | 31,33 | 71,39 | 28,61 | 68,99 | 31,01 | 68,94 | 31,06 | 70,37 | 29,63 | 71,07 | 28,93 |
| Científico | 38,62 | 61,38 | 43,5 | 56,5 | 38,56 | 61,44 | 29,11 | 70,89 | 41,30 | 58,70 | 35,34 | 64,66 |
| (*) Ciencias da saúde | 36,36 | 63,64 | 32,43 | 67,57 | 30,19 | 69,81 | 30,00 | 70,00 | 37,50 | 62,50 | 53,33 | 46,67 |
| (*) Arte e Humanidades | 35,84 | 64,16 | 27,12 | 72,88 | 21,88 | 78,12 | 29,41 | 70,59 | 20,69 | 79,31 | 41,38 | 58,62 |

(*) O número de prácticas extracurriculares nestes ámbitos non é representativo, polo que a comparativa non procede sen ter en conta as prácticas curriculares.

Con respecto ao sexo do alumnado que realiza prácticas, observamos que existe unha diferenza importante en todos os ámbitos entre a porcentaxe de homes e mulleres, sendo maior o número de mulleres en todos os casos agás no ámbito tecnolóxico, e a excepción deste curso 2020/2021 que é un pouco inferior tamén en ciencias da saúde.

3.2 NÚMERO DE ESTUDANTES MATRICULADOS CLASIFICADOS POR ÁMBITO DE ESTUDOS


| MATRÍCULA | Curso 2015-2016 | | Curso 2016-2017 | | Curso 2017-2018 | | Curso 2018-2019 | | Curso 2019-2020 | | Curso 2020-2021 | |
|--------------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|-----------------|------------|
| | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES | % HOMES | % MULLERES |
| Xurídico-Social | 38,66 | 61,34 | 39,52 | 60,48 | 38,89 | 61,11 | 39,81 | 60,19 | 39,10 | 60,90 | 38,36 | 61,64 |
| Tecnolóxico | 76,76 | 23,24 | 76,85 | 23,15 | 77,85 | 22,15 | 78,05 | 21,95 | 76,89 | 23,11 | 76,55 | 23,45 |
| Científico | 43,46 | 56,54 | 44,42 | 55,58 | 44,49 | 55,51 | 45,10 | 54,90 | 44,69 | 55,31 | 44,55 | 55,45 |
| Ciencias da saúde | 22,54 | 77,46 | 22,52 | 77,48 | 22,95 | 77,05 | 22,49 | 77,51 | 23,84 | 76,16 | 22,81 | 77,19 |
| Arte e Humanidades | 28,87 | 71,13 | 26,1 | 73,90 | 25,57 | 74,43 | 23,13 | 76,87 | 27,09 | 72,91 | 28,21 | 71,79 |

Da comparación dos cadros anteriores pódese concluír que a porcentaxe en prácticas nos distintos ámbitos de estudos garda relación coa porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula. A excepción neste curso 2020/2021 é que hai unha maioría de homes en prácticas extracurriculares en ciencias da saúde en relación da porcentaxe da súa matrícula.

3.3 ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR SEXO E CNAE DAS EMPRESAS


A seguinte gráfica amosa o número de estudantes por sexo e CNAE das empresas. Sinalar que:

- En *Actividades profesionais, científicas e técnicas* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son máis mulleres as que acceden a este tipo de empresas.
- En *Industria manufacteireira e de Información e comunicacións* as prácticas realizadas por homes son maiores que as realizadas por mulleres.



4. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO E TIPO DE EMPRESA

| ESTUDANTES POR TIPO DE EMPRESA | Curso 13-14 | Curso 14-15 | Curso 15-16 | Curso 16-17 | Curso 17-18 | Curso 18-19 | Curso 19-20 | Curso 20-21 |
|--|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Autónomo | 127 | 88 | 96 | 73 | 78 | 82 | 33 | 65 |
| Pequena (menos de 50 traballadores) | 555 | 541 | 612 | 549 | 449 | 398 | 242 | 389 |
| Mediana (entre 50 e 500 traballadores) | 151 | 149 | 169 | 167 | 181 | 135 | 96 | 122 |
| Grande (máis de 500 traballadores) | 66 | 88 | 67 | 70 | 74 | 71 | 58 | 65 |
| Multinacional | 97 | 62 | 99 | 74 | 105 | 108 | 21 | 33 |
| Administración Pública | 89 | 99 | 119 | 142 | 123 | 66 | 33 | 86 |
| Fundación/Entidade sen ánimo de lucro | 60 | 96 | 107 | 115 | 109 | 86 | 62 | 64 |
| Total | 1145 | 1123 | 1269 | 1190 | 1119 | 946 | 544 | 824 |



Observando o gráfico anterior vemos que as empresas que máis demandan estudantes en prácticas son as pequenas empresas seguido das empresas medianas. A realización de prácticas é unha vía utilizada polas empresas como método de selección de futuros traballadores e traballadoras.


5. HISTÓRICO DOS ÚLTIMOS 10 CURSOS ACADÉMICOS

5.1 TOTAL ESTUDANTES E EMPRESAS

Neste curso académico 2020/2021 prodúcese un crecemento importante do número de prácticas realizadas en relación ao curso anterior, se ben non se acada o volume de prácticas previo á pandemia derivada da Covid-19. Debe terse en conta que durante todo o curso mantivéronse distintos niveis de restricións, coincidindo o inicio do proceso de desescalada coa finalización do curso académico. A pesares do anterior si se observa unha importante recuperación da actividade en relación a marzo-agosto de 2020.

Igualmente sinalar que continúa a tendencia da baixa resposta do estudantado ás convocatorias de prácticas realizadas, que quedan en moitos casos desertas ou teñen poucos candidatos, feito que se observa especialmente nas prácticas non remuneradas.

No curso 2019/2020 o descenso é máis importante debido aos efectos producidos pola situación sanitaria.



5.2 RATIO PRÁCTICAS POR ÁMBITO E EMPRESA


| Ámbito | 2011/2012 | | | 2012/2013 | | | 2013/2014 | | | 2014/2015 | | |
|--------------------|-----------|----------|-------|-----------|----------|-------|-----------|----------|-------|-----------|----------|-------|
| | Prácticas | Empresas | Ratio | Prácticas | Empresas | Ratio | Prácticas | Empresas | Ratio | Prácticas | Empresas | Ratio |
| Xurídico-social | 403 | 247 | 1,63 | 480 | 301 | 1,59 | 545 | 359 | 1,52 | 547 | 407 | 1,34 |
| Tecnolóxico | 345 | 264 | 1,31 | 348 | 238 | 1,46 | 396 | 230 | 1,72 | 364 | 244 | 1,49 |
| Científico | 113 | 69 | 1,64 | 144 | 75 | 1,92 | 116 | 55 | 2,11 | 124 | 60 | 2,06 |
| Arte e humanidades | 25 | 20 | 1,25 | 80 | 37 | 2,16 | 40 | 35 | 1,14 | 50 | 37 | 1,35 |
| Ciencias da saúde | 3 | 2 | 1,5 | 14 | 6 | 2,33 | 48 | 24 | 2 | 38 | 23 | 1,65 |
| Total | 889 | 602 | 1,48 | 1066 | 657 | 1,62 | 1145 | 703 | 1,63 | 1123 | 771 | 1,46 |

| Ámbito | 2015/2016 | | | 2016/2017 | | | 2017/2018 | | | 2018/2019 | | |
|--------------------|-----------|----------|-------|-----------|----------|-------|-----------|----------|-------|-----------|----------|-------|
| | Prácticas | Empresas | Ratio | Prácticas | Empresas | Ratio | Prácticas | Empresas | Ratio | Prácticas | Empresas | Ratio |
| Xurídico-social | 617 | 400 | 1,54 | 551 | 389 | 1,42 | 536 | 375 | 1,43 | 433 | 322 | 1,34 |
| Tecnolóxico | 399 | 229 | 1,74 | 367 | 211 | 1,74 | 345 | 180 | 1,92 | 264 | 144 | 1,83 |
| Científico | 145 | 71 | 2,04 | 177 | 82 | 2,16 | 153 | 68 | 2,25 | 158 | 75 | 2,11 |
| Arte e humanidades | 55 | 27 | 2,03 | 59 | 36 | 1,64 | 32 | 28 | 1,14 | 51 | 27 | 1,89 |
| Ciencias da saúde | 53 | 30 | 1,76 | 36 | 20 | 1,8 | 53 | 27 | 1,96 | 40 | 24 | 1,67 |
| Total | 1269 | 757 | 1,68 | 1190 | 738 | 1,61 | 1119 | 678 | 1,65 | 946 | 592 | 1,60 |

| Ámbito | 2019/2020 | | | 2020/2021 | | |
|--------------------|-----------|----------|-------|-----------|----------|-------|
| | Prácticas | Empresas | Ratio | Prácticas | Empresas | Ratio |
| Xurídico-social | 246 | 186 | 1,32 | 354 | 279 | 1,27 |
| Tecnolóxico | 216 | 111 | 1,94 | 45 | 31 | 1,45 |
| Científico | 46 | 33 | 1,39 | 280 | 159 | 1,76 |
| Arte e humanidades | 29 | 19 | 1,53 | 116 | 72 | 1,61 |
| Ciencias da saúde | 8 | 6 | 1,33 | 29 | 24 | 1,21 |
| Total | 545 | 355 | 1,53 | 824 | 565* | 1,46 |


*Nota: O estudiantado realizou prácticas académicas externas extracurriculares en 565 empresas. Varias destas empresas acolleron estudantes de distintos ámbitos, o que explica a diferenza co total de empresas por ámbito que figura nesta táboa.

5.3 ÁMBITO DE ESTUDOS DOS ESTUDANTES QUE REALIZARON PRÁCTICAS POR CURSO ACADÉMICO




A gráfica amosa un descenso do número de estudantes en prácticas a partir do curso 2016/2017, descenso moderado ata o curso 2019-2020 no que se reducen dun xeito importante debido á súa suspensión por mor da emerxencia sanitaria. Obsérvase igualmente unha recuperación das prácticas realizadas moi relevante no curso 2020/2021 que reflexan o aumento paulatino da actividade que se produciu durante o período.

Os ámbitos xurídico social e tecnolóxico seguen a ser os máis demandados para a realización de prácticas polo alumnado.




Na evolución dos estudantes en porcentaxe, obsérvase que ten unha tendencia estable mentres que o tecnolóxico presenta un importante repunte no curso 2019-2020. Desde marzo do 2020 gran parte das prácticas presenciais realizáronse de forma telemática.

5.4 EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO



As empresas do sector de actividades profesionais, científicas e técnicas con estudantes en prácticas tiveron un crecemento alto ata o ano 2015 e a partir de ano un descenso igualmente importante. O resto de sectores presentan unha evolución máis estable, descendendo lixeiramente a partir do exercicio 2016/2017 agás o sector de información e comunicacións. No 2019/2020 o descenso é moito máis acusado debido aos efectos da crise sanitaria. Na maioría dos sectores de actividade acádase os niveis do curso 2019/2020, os principais descensos son en comercio por maior e por menor, reparación vehículos motor; en actividades financeiras e de seguros e na Industria manufacturera.

5.5 EVOLUCIÓN DO Nº DE ESTUDANTES POR SECTOR DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO



Ao igual que na gráfica anterior destaca a evolución dos estudantes en prácticas no sector de actividades profesionais ata o ano 2015. O resto dos sectores presentan unha evolución máis estable, descendendo lixeiramente a partir do exercicio 2016/2017 agás a industria manufactureira. No 2019/2020 o descenso é moito máis acusado debido aos efectos da crise sanitaria. No 2020/2021 recupérase aínda que baixa o nº de prácticas principalmente nos seguintes sectores de actividade: comercio ao por maior e por menor; reparación vehículos motor; actividades administrativas e servizos auxiliares; actividades financeiras e de seguros e en Educación.

Curso académico 2020/2021

- I. O número de prácticas incrementábase no curso académico 2020/2021, respecto o curso anterior debido á recuperación progresiva das distintas actividades empresariais a partir do levantamento da suspensión das prácticas, se ben, non se recupera o número de prácticas do curso 2019/2020.
 - II. Realizáronse 824 prácticas académicas extracurriculares durante o curso académico.
 - III. Os sectores de actividade ao que pertencen as 342 entidades e empresas que tiveron estudantes realizando prácticas extracurriculares son fundamentalmente 4: actividades profesionais, científicas e técnicas; industria manufacturera; información e comunicacións e Actividades sanitarias e de servizos sociais.
 - IV. Neste curso académico a Fundación Universidade de Vigo xestionou 264 convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas. Deles, o 62,88% asináronse con sociedades limitadas; o seguinte bloque en importancia son as Sociedades Anónimas que representan o 14,39% do total, seguido dos autónomos, 12,50%.
 - V. Os ámbitos de coñecemento que contaron con máis estudantes en prácticas foron o xurídico social, seguido do tecnolóxico e do científico.
 - VI. As empresas cuxo CNAE é actividades profesionais, científicas e técnicas son as que máis demandan estudos do ámbito xurídico social, tecnolóxico, científico e arte e humanidades.
 - VII. As empresas cuxo CNAE é Actividades sanitarias e de servizos sociais o que máis solicitan son estudos de ciencias da saúde.
 - VIII. En relación ás prácticas extracurriculares realizadas por ámbito, sinalar que o ámbito científico é o terceiro máis demandado polas empresas, mentres que o terceiro ámbito por número de estudantes matriculados é o de arte e humanidades.
 - IX. A porcentaxe de mulleres en prácticas nos distintos ámbitos de estudos garda relación coa porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula. Sen embargo, a porcentaxe de mulleres en prácticas é en todos os casos superior á porcentaxe que representan sobre a matrícula no seu ámbito, agás este curso académico no ámbito tecnolóxico e de ciencias da saúde.
-

Comparativa cursos académicos 2011/2012 – 2020/2021

- I. O número medio de prácticas nos 10 últimos cursos académicos é de 1011.
 - II. O número medio de empresas colaboradoras nos 9 últimos cursos académicos é de 638.
 - III. A ratio media de prácticas por empresa é de 1,58
 - IV. As empresas que teñen máis estudantes en prácticas nos últimos 8 cursos académicos son principalmente empresas pequenas (media do 45,77%), medianas (media do 14,34%) e administracións públicas (media do 9,46%)
 - V. Sobre a evolución do número de prácticas nos últimos 10 cursos, obsérvase un descenso moderado a partir do curso 2015/2016 e unha caída moi importante no curso 2019/2020 derivado da suspensión das prácticas por mor da pandemia da Covid-19. Igualmente obsérvase unha recuperación tamén moi relevante das prácticas realizadas no curso 2020-2021, reflexo da recuperación paulatina da actividade económica e social a medida que a situación epidemiolóxica melloraba os seus indicadores.
-

ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE

| | GRUPO | SUBGRUPO | SECTOR DE ACTIVIDADE |
|---|---|----------|--|
| Agricultura gandería, silvicultura e pesca | A | 1 | Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas |
| | | 2 | Silvicultura e explotación forestal |
| | | 3 | Pesca e acuicultura |
| Industrias extractivas | B | 5 | Extracción de antracita, hulla e lignito |
| | | 6 | Extracción de cru de petróleo e gas natural |
| | | 7 | Extracción de minerais metálicos |
| | | 8 | Outras industrias extractivas |
| | | 9 | Actividades de apoio ás industrias extractivas |
| Industria manufactureira | C | 10 | Industria da alimentación |
| | | 11 | Fabricación de bebidas |
| | | 12 | Industria do tabaco |
| | | 13 | Industria téxtil |
| | | 14 | Confección de prendas de vestir |
| | | 15 | Industria do coiro e do calzado |
| | | 16 | Industria da madeira e do cortiza, excepto mobles; cestería e espartería |
| | | 17 | Industria do papel |
| | | 18 | Artes gráficas e reprodución de soportes gravados |
| | | 19 | Coquerías e refino de petróleo |
| | | 20 | Industria química |
| | | 21 | Fabricación de produtos farmacéuticos |
| | | 22 | Fabricación de produtos de caucho e plásticos |
| | | 23 | Fabricación de outros produtos minerais no metálicos |
| | | 24 | Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións |
| | | 25 | Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo |
| | | 26 | Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos |
| | | 27 | Fabricación de material e equipo eléctrico |
| | | 28 | Fabricación de maquinaria e equipo |
| | | 29 | Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques |
| 30 | Fabricación de outro material de transporte | | |
| 31 | Fabricación de mobles | | |
| 32 | Outras industrias manufactureiras | | |
| 33 | Reparación e instalación de maquinaria e equipo | | |
| Fornezo enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado | D | 35 | Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado |

| | GRUPO | SUBGRUPO | SECTOR DE ACTIVIDADE |
|--|-------|----------|----------------------|
|--|-------|----------|----------------------|

| | | | |
|---|---|----|---|
| Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación | E | 36 | Captación, depuración e distribución de auga |
| | | 37 | Recollida e tratamento de augas residuais |
| | | 38 | Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización |
| | | 39 | Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos |
| Construción | F | 41 | Construción de edificios |
| | | 42 | Enxeñaría civil |
| | | 43 | Actividades de construción especializada |
| Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor | G | 45 | Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas |
| | | 46 | Comercio ao por maior e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas |
| | | 47 | Comercio ao por menor, excepto de vehículos de motor e motocicletas |
| Transporte e almacenamento | H | 49 | Transporte terrestre e por tubeira |
| | | 50 | Transporte marítimo e por vías navegables interiores |
| | | 51 | Transporte aéreo |
| | | 52 | Almacenamento e actividades anexas ao transporte |
| | | 53 | Actividades postais e de correos |
| Hostalería | I | 55 | Servizos de aloxamento |
| | | 56 | Servizos de comidas e bebidas |
| Información e comunicacións | J | 58 | Edición |
| | | 59 | Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical |
| | | 60 | Actividades de programación e emisión de radio e televisión |
| | | 61 | Telecomunicacións |
| | | 62 | Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática |
| | | 63 | Servizos de información |
| Actividades financeiras e de seguros | K | 64 | Servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións |
| | | 65 | Seguros, reaseguros e fondos de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria |
| | | 66 | Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros |
| Actividades inmobiliarias | L | 68 | Actividades inmobiliarias |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | M | 69 | Actividades xurídicas e de contabilidade |
| | | 70 | Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial |
| | | 71 | Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicos |
| | | 72 | Investigación e desenvolvemento |
| | | 73 | Publicidade e estudos de mercado |
| | | 74 | Outras actividades profesionais, científicas e técnicas |
| | | 75 | Actividades veterinarias |

| | GRUPO | SUBGRUPO | SECTOR DE ACTIVIDADE |
|--|-------|----------|--|
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | N | 77 | Actividades de aluguer |
| | | 78 | Actividades relacionadas co emprego |
| | | 79 | Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos |
| | | 80 | Actividades de seguridade e investigación |
| | | 81 | Servizos a edificios e actividades de xardinería |
| | | 82 | Actividades administrativas de oficina y outras actividades auxiliares ás empresas |
| Administración Pública, defensa Seg. Social obrigatoria | O | 84 | Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria |
| Educación | P | 85 | Educación |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | Q | 86 | Actividades sanitarias |
| | | 87 | Asistencia en establecementos residenciais |
| | | 88 | Actividades de servizos sociais sen aloxamento |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | R | 90 | Actividades de creación, artísticas e espectáculos |
| | | 91 | Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais |
| | | 92 | Actividades de xogos de azar e apostas |
| | | 93 | Actividades deportivas, recreativas e de entretemento |
| Outros servizos | S | 94 | Actividades asociativas |
| | | 95 | Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico |
| | | 96 | Outros servizos persoais |
| Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio | T | 97 | Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico |
| | | 98 | Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | U | 99 | Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais |